

Cuestionario Ética-Política-Xénero

- 1) Elabora unha lista de dez adxectivos considerados socialmente como definitorios das mulleres e outros dez considerados como propios dos homes.
- 2) ¿Cales son as diferenzas máis destacadas que existen entre os homes e as mulleres? Empeza por sinalar aquelas diferenzas que teñan unha base biolóxica, anatómica ou sexual.
Todas as diferenzas que distinguen ás mulleres dos varóns, ¿teñen un fundamento biolóxico ou dependen da cultura e da sociedade na que viven?
¿Cales son algunhas das diferenzas que teñen unha base social, cultural ou educacional?
- 3) ¿Cales son as profesións habitualmente máis desexadas polos nenos e que profesións prefiren as nenas? ¿Cales cres que poden ser as causas que expliquen esas preferenzas?
- 4) ¿Con que tipo de xoguetes acostuman agasallar as familias a nenos e nenas?, ¿fan os pais distinción en función do sexo á hora de elixir xoguetes para os seus fillos?, ¿por que?
- 5) ¿Que modelo de home e de muller ideais se transmite a través dos anuncios publicitarios? Pon algúns exemplos extraídos de campañas publicitarias.
- 6) Na túa casa, ¿quen se ocupa das tarefas do fogar, da atención ás persoas maiores e aos enfermos da casa?, ¿hai un reparto equitativo desas tarefas entre os membros da familia?, ¿que explicacións atopas a este feito?
- 7) ¿Que valoración facedes da presenza de mulleres nos organismos de decisión, tanto na empresa privada como nas institucións públicas?, ¿cres que existe unha igualdade de oportunidades real á hora de acceder a postos de responsabilidade na economía e na política?
- 8) Socialmente, ¿valórase do mesmo xeito o comportamento afectivo-sexual dun home e dunha muller?, ¿fanse distincións na valoración desa conduta se o suxeito é home ou se é muller?, ¿que comportamento se espera da muller e do home, respectivamente?, ¿por que? Analiza algúns vídeos de cancións (tanto as letras como as imáxes) que reflexen estes xeitos tópicos de actuar de homes e mulleres no ámbito amoroso como no sexual.